

FONDO DE LIBROS DE TEXTO 1º/3º ESO

AXUDAS –VALE– PARA ADQUISICIÓN LIBROS TEXTO 2º/4º ESO

(Resumo do DOG do día 16/5/2016. Documento informativo, non ten validez xurídica)

DEVOLUCIÓNS DOS LIBROS DA ESO PRESTADOS / COMPRADOS CON VALE:

- Todo o alumnado da ESO deberá devolver os libros de texto prestados polo centro ou adquiridos con cargo ás axudas do curso 2015/16, **ó profesor da materia, os días 20, 21 ou 22 de xuño**.
- O alumnado da ESO que teña algunha materia pendente poderá quedar co(s) libro(s) **desa(s) materia(s)** ata que se examine, e **entregarallo ó profesor/a no propio momento de realización do exame de setembro**.
- A **non devolución** dos libros de texto será **causa de exclusión** da participación no fondo solidario ou da opción de recibir vale de compra de libros.

SOLICITUDE (na secretaría do centro):

- **Renda per cápita familiar**^(*). Para o *Vale*: ten que ser inferior a 9.000 €. Para o *Fondo*: con calquera renda (asígnanse os libros dispoñibles por orde inversa á renda familiar). Para *Material escolar*: inferior a 5.400 €. [Todo isto, salvo o alumnado con discapacidade do 66% ou tutelado pola Xunta].
- Poderase **presentar ata o 23 de xuño** (excepcionalmente, o alumnado que repita 4º da ESO no 2016/17 poderá presentala no prazo de 1 mes desde que se matricule).

DOCUMENTACIÓN:

- Impreso de solicitude cuberto (única para todos os fillos do mesmo centro) e **asinado polo pai/nai e por todos os membros** da unidade familiar. O impreso pode recollerse na conserxería do centro. **Importante: non se aceptarán impresos corrixidos** ou manipulados (en caso de equivocación, debe cubrirse un novo impreso), nin os que non estean convenientemente **asinaados** por todos os que corresponda.
- **Fotocopia** compulsada (**hai que presentar o orixinal**) do libro de familia (de todos os membros da familia).
 - No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar o día 31 de decembro de 2014 non coincide coa indicada no libro terá que presentarse documento ou documentos —fotocopia e orixinal— que acrediten os membros da unidade familiar: sentenza de divorcio, certificado de convivencia, informe dos servizos sociais, certif. defunción, etc. [Véxase o DOG]].
 - Só se procede: fotocopia compulsada (hai que presentar o orixinal) de documento que acredite que existía a discapacidade a 31/12/2014 dalgún dos membros da unidade familiar; ou documento que acredite situación de violencia de xénero no contorno familiar.
- Para o resto de acreditacións abondará con marcar e asinar a autorización de consulta telemática.

IMPORTANTE:

- As **axudas destinaranse á adquisición exclusiva de libros de texto** (non doutro material).
- A final de curso os libros **deberán ser entregados no centro** en bo estado para facer un banco de libros.

^(*)Forma de calcular da renda *per cápita* familiar:

- Divídense os ingresos⁽¹⁾ de todos os membros da unidade familiar polo n.º de persoas⁽²⁾ que integran a unidade familiar.
 - (1) Se se fixo **declaración da renda** aplicarase a do **ano 2014** (é dicir, a realizada e presentada o pasado ano 2015): súmanse as cantidades das **casas 430 e 445**.
 - (2) Conforman a unidade familiar: os pais non separados legalmente (e, se é o caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor) + os fillos menores de idade (con excepción dos emancipados) + os fillos maiores de idade con discapacidade (física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada) + os fillos solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar + a persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada cando haxa custodia compartida + a persoa que por novo matrimonio ou por convivencia en unión de feito viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a.

Terase en conta a **situación familiar e persoal a 31 de decembro de 2014** e computarán por dous os membros da unidade familiar (pai, nai, alumno e irmáns) que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% (en data de 31 de decembro de 2014). No caso de alumnado con minusvalía igual ou superior ao 65% ou en situación de garda pola Xunta o cadro da renda *per cápita* deixárase en branco.

Para o aquí non recollido ou para unha información completa e oficial consúltese o DOG.